

O absentismo, un problema de todos

M^a. Dolores Sanz Lobo

IES A. Fraguas Fraguas

sanzlola@edu.xunta.es

Coro González Garrido

Fundación Secretariado Xitano

Eva M^a. González Santiago
M^a. Jesús Viqueira Pérez
Beatriz Sixto Solar

Traballadoras Sociais da UTS As Fontiñas
(Servizos Sociais do Concello de Santiago)

O traballo en rede está a evidenciar resultados moi positivos en calquera intervención social. Nos últimos anos asistimos a unha mobilización de profesionais de diferentes ámbitos que apostan por liñas de actuación conxuntas en beneficio das persoas que habitan nun mesmo barrio. Pero cando falamos de educación, os programas interinstitucionais e multiprofesionais parece que entrañan un maior sentido, pois a formación dos máis novos non é hoxe un asunto exclusivo da escola. Traballar todos xuntos para garantir o pleno desenvolvemento dos menores do barrio pode ser máis efectivo cando se pretende acadar unha asistencia regular aos centros educativos, evitar condutas asociadas e romper os lazos de dependencia institucional a medio prazo.

A nosa experiencia no barrio das Fontiñas, en Santiago de Compostela, é unha boa proba de que o traballo compartido das institucións implicadas, pero sobre todo das persoas que pertencen a elas, produce resultados eficaces e claramente satisfactorios. Con esta idea decidimos xuntar esforzos e coordinarnos, en prol da autonomía das persoas e da convivencia positiva, sempre dende o respecto á diferenza.

A cousa non parecía doada, posto que se trata dun barrio, con gran densidade de poboación, na que un 21,75 % dos veciños son menores de idade, e un 7,55 % pertencen ao colectivo de persoas maiores. Isto, unido a unha grande heteroxeneidade cultural, étnica, económica, formativa e laboral, dá unha idea da complexidade de conseguir tal reto.

En xaneiro de 2000, de forma máis sistemática, pero xa con intercambios informais previos, representantes da Concellaría de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela reúnense con diferentes institucións e colectivos para elaborar o diagnóstico social do barrio, tendo presente tanto as necesidades como os recursos e potencialidades existentes na comunidade das Fontiñas. Foi a partir deste primeiro contacto cando comezamos a reunirmos periodicamente. Así nacían as “xuntanzas de barrio”.

O tecido social en rede promove un servizo de axuda aos colectivos máis vulnerables

Iniciamos o traballo os profesionais da Concellaría de Benestar Social: Unidade de Traballo Social das Fontiñas (Servizos Sociais); os centros educativos: CEIP das Fontiñas e IES A. Fraguas Fraguas; UMAD (Unidade Municipal de Atención a Drogodependentes) e Cáritas Parroquial das Fontiñas. Pero moi cedo, foise ampliando o grupo a modo de “torrente”: Cruz Vermella; Fundación Secretariado Xitano; Programa de atención a familias monoparentais “Abeiro”; Policía de barrio; Policía autonómica; Centro de Saúde das Fonti-

ñas: Unidade de Traballo Social; Centro Sociocultural das Fontiñas; Centro de día Arela. Dende aquí, lembramos a Chavós (Asociación para o Desenvolvemento Socio-pedagóxico do Colectivo Xitano), desaparecida na actualidade.

Nestas xuntas abórdanse cuestións técnicas de intervención social e educativa, e organízanse actividades, de carácter preventivo, formativo e lúdico. Contamos coa colaboración doutras entidades ou tecido asociativo como son: as asociacións de pais e nais dos centros educativos, a asociación de veciños, etc.

Falemos agora de resultados. A escolarización deficitaria e o absentismo adoitan alcanzar a familia, onde non sempre hai posibilidades para intervir desde o ámbito educativo. O seguimento coordinado dos casos, cunha intervención escolar, familiar e social fortemente entrelazada, está mingando o grao de absentismo escolar dos menores, así como o índice de prevalencia desta problemática. Se miramos cara a atrás, podemos sinalar que dende o ano 2003 ata a data presente, se produciu unha diminución do 69 % dos casos de absentismo.

Cada vez temos os obxectivos máis claros e reafirmámonos neles: configurar unha armazón social en rede que promova un servizo á poboación eficaz e eficiente, sen duplicidade de recursos nin de accións; axudar aos colectivos máis débiles e proclives a ser suxeitos de falta de integración e inserción educativa e social, cunha liña de traballo que faga fincapé na prevención; ofertar ás familias os recursos sociais necesarios dirixidos a facilitar a asistencia do menor ao centro escolar; reducir o absentismo dos menores en idade obrigatoria de escolarización e ofertar alternativas de ocio que favorezan un desenvolvemento integral das capacidades e habilidades individuais, traballando cara á normalización, evitando condutas asociadas e focos de marxinação.